**Concello de FRADES**
Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.gal

**Nº EXPTE:** 2020/E001/000001

**DESCRICIÓN DECRETO:** SELECCIÓN DUN TRACTORISTA-MANIPULADOR AGRÍCOLA ; DUN PEÓN FORESTAL E DUN AXUDANTE DE XARDINERÍA PARA REALIZACIÓN DE TAREFAS DE MANTEMENTO NO CONCELLO DE FRADES. COVID-19.

**DON ROBERTO REY MARTÍNEZ**
**ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FRADES**

Vistas as Bases para a contratación dun tractorista-manipulador agrícola, dun peón forestal e as Bases para a contratación dun axudante de xardinería, para realización de tarefas de mantemento no Concello de Frades necesarias neste Estado de Alarma para a loita contra o COVID-19, aprobadas pola Xunta de Goberno Local celebrada o pasado día 13 de marzo de 2020.

Visto que a Base quinta de ambas contratacións establecen que será un tribunal cualificador o que deberá de realizar o exame oral.

Visto que debido ás consignas da declaración do Estado de Alarma, e decreto da Alcaldía deste Concello se prohíben as sesións dos órganos colexiados, entre eles as Comisións Técnicas e Tribunais cualificadores, a proposta da adxudicación deberá ser formulada polo servizo técnico que será o encargado de realizar telefónicamente as probas orais, para que sexa elevada ao órgano competente para resolver.

Vistos os informes emitidos pola técnico municipal, que recollen a avaliación da proba oral, que de seguido se transcriben:

*<<INFORME DOS SERVIZOS TÉCNICOS MUNICIPAIS*

*PRIMEIRO.- Sendo as 10:00 horas do mércores, día 8 de abril de 2020, comeza o proceso selectivo convocado para a contratación de traballadores desempregados para cubrir un posto de traballo referido ao Programa de Mantemento no Concello de Frades para o ano 2020.*

*SEGUNDO.- Mónica García Soage, arquitecto municipal do concello de Frades, é a presidenta de mesa e a encargada de realizar a entrevista a todos e cada un dos candidatos.*

*TERCEIRO.- Despois de revisar a documentación acreditativa da realización da oferta correspondente de emprego no Servizo Público de Emprego coa relación nominal dos traballadores/as convocados, procédese á realización da entrevista persoal.*

*CUARTO.- Concluídas as entrevistas sendo as 10:30 horas e seguindo os criterios de puntuación establecidos nas Bases que rexen esta convocatoria, procédese a relacionar a puntuación final dos aspirantes, quedando o resultado da seguinte maneira:*

*Posto de AXUDANTE DE XARDINERÍA – 6 meses NOME PUNTUACIÓN*

CVD: qT9RtJmjzdhyXLRVKK/J
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**Concello de FRADES**
Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.gal

Benjamín Calvo Costoya 8,00

QUINTO.- Consecuentemente con este resultado e sendo só unha praza para a categoría de AXUDANTE DE XARDINERÍA – 6 meses, proponse ao Alcalde o único candidato presentado e entrevistado:

Posto de AXUDANTE DE XARDINERÍA (Oferta 12-2020-2849) – 6 meses
Seleccionado:
Benjamín Calvo Costoya>>

<<INFORME DOS SERVIZOS TÉCNICOS MUNICIPAIS

PRIMEIRO.- Sendo as 10:30 horas do mércores, día 8 de abril de 2020, comeza o proceso selectivo convocado para a contratación de traballadores desempregados para cubrir un posto de traballo referido ao Programa de Mantemento no Concello de Frades para o ano 2020.

SEGUNDO.- Mónica García Soage, arquitecto municipal do concello de Frades, é a presidenta de mesa e a encargada de realizar a entrevista a todos e cada un dos candidatos.

TERCEIRO.- Despois de revisar a documentación acreditativa da realización da oferta correspondente de emprego no Servizo Público de Emprego coa relación nominal dos traballadores/as convocados, procédese á realización da entrevista persoal.

CUARTO.- Concluídas as entrevistas sendo as 12:30 horas e seguindo os criterios de puntuación establecidos nas Bases que rexen esta convocatoria, procédese a relacionar a puntuación final dos aspirantes, quedando o resultado da seguinte maneira:

Posto de TRACTORISTA-MANIPULADOR AGRÍCOLA – 8 meses NOME PUNTUACIÓN

Benjamín Calvo Costoya 7,00
José Lino Mandayo Vázquez 8,00

Posto de PEÓN FORESTAL – 8 meses NOME PUNTUACIÓN

Juan Manuel Garabal Baliñas 7,00
María Esther Gilda Carbajales 3,00
Elisabet Lemos Otero 5,00
Javier Maroño Sánchez 2,50
María Begoña Mato Souto 6,50
Leandro Méndez Mira 8,50
Andrés Novoa Suárez 7,50
Luis Raimundo Ramos Fraga 6,00

QUINTO.- Consecuentemente con este resultado e sendo só unha praza para cada unha das categorías, TRACTORÍSTA-MANIPULADOR AGRÍCOLA – 8 meses, e PEÓN FORESTAL – 8 meses, propóñense ao Alcalde os seguintes aspirantes presentados e entrevistados:

Posto de TRACTORISTA-MANIPULADOR AGRÍCOLA (Oferta 12-2020-2848) – 8 meses

Seleccionado:
José Lino Mandayo Vázquez

CVD: qT9RtJmjzdhyXLRVKK/J
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**Concello de FRADES**
*Cimadevila, 10*
*15686.- FRADES (A Coruña)*
*Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79*
*E-Mail: correo@frades.gal*

*Suplentes:*
*1º.- Benjamín Calvo Costoya*
*2ª.- Pendente de selección*

*Posto de PEÓN FORESTAL (Oferta 12-2020-2847) - 8 meses*

*Seleccionado:*
*Leandro Méndez Mira*

*Suplentes:*
*1º.- Andrés Novoa Suárez*
*2º.- Juan Manuel Garabal Baliñas >>*

Vista a existencia de crédito adecuado e suficiente para realizar a dita contratación na aplicación orzamentaria 459.13100

Esta Alcaldía, visto que se trata dun procedemento excepcional a tramitar no estado de alarma, pola necesidade de realizar traballo de hixienización, desbroce e limpeza viaria fronte ao COVIV-19, e visto que o órgano competente é a Alcaldía, en base ao disposto no artigo 21.1 da Lei 7/85 de Bases do Réxime Local,

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Contratar para o Posto de TRACTORISTA-MANIPULADOR AGRÍCOLA (Oferta 12-2020-2848), a D. José Lino Mandayo Vázquez, por un prazo de oito meses dende o día seguinte á data de sinatura do contrato, a xornada completa, percibindo unhas retribucións brutas mensuais de 1349,25 € (inclúe as pagas extraordinarias).

**SEGUNDO.-** Contratar para o Posto de PEÓN FORESTAL (Oferta 12-2020-2847), a D. Leandro Méndez Mira, por un prazo de oito meses dende o día seguinte á data de sinatura do contrato, a xornada completa, percibindo unhas retribucións brutas mensuais de 1.349,25 € (inclúe as pagas extraordinarias).

**TERCEIRO.-** Contratar para o Posto de AXUDANTE DE XARDINERÍA (Oferta 12-2020-2849)a D. Benjamín Calvo Costoya, por un prazo de seis meses dende o día seguinte á data de sinatura do contrato, a xornada completa, percibindo unhas retribucións brutas mensuais de 1.349,25 € (inclúe as pagas extraordinarias).

**CUARTO.-** Notificar o contido deste acordo aos seleccionados aos efectos oportunos, e citalos para asinar o contrato un a un e gardando a distancia de seguridade e medidas de protección, na casa consistorial.

**QUINTO.-** Dar conta da presente Resolución ao Pleno da Corporación, na primeira sesión que celebre.

O manda e asina o Alcalde- Presidente Roberto Rey Martínez, en Frades, na data que figura na marxe deste documento.

CVD: qT9RtJmjzdhyXLRVKK/J
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**Concello de FRADES**
*Cimadevila, 10*
*15686.- FRADES (A Coruña)*
*Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79*
*E-Mail: correo@frades.gal*

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAME**

CVD: qT9RtJmjzdhyXLRVKK/J
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.